



Oficina
dos Dereitos



Guía de prestaciones económicas



Estamos vivindo tempos excepcionais, nos que o COVID-19 amosou a febleza dun sistema socioeconómico que non foi quen de protexer ás persoas que xa viñan arrastrando as consecuencias da crise económica do 2008. Os servizos sociais non son capaces de dar resposta a un número cada vez maior de persoas en risco de exclusión social ou en exclusión social.

É inaceptable que nun Estado da Europa do S. XXI un cuarto da poboación estea en risco ou en exclusión social (EAPN, 2020). Se os poderes públicos non poden garantir o dereito a unha vida digna, non podemos falar de Estado do Benestar.

Ti tamén tes problemas para pagar un aluguer que sube cada día máis?
Non sabes como pagar a factura de suministros básicos?
Traballas arreo e non eres capaz de chegar a fin de mes?

A organización das veciñas e veciños da cidade é fundamental para esixir unha vida que mereza ser vivida. Esixir o cumprimento do dereito a unha vivenda asequible, a un soldo que permita vivir dignamente, a unha Renda Básica Universal e Incondicional que garanta uns mínimos para toda a poboación e loitar contra a feminización da pobreza, entre outros.

Esta guía nace co obxectivo de servir como apoio para toda persoa que queira informarse sobre as diferentes prestacións económicas dispoñibles na actualidade no sistema de protección social. É unha guía informativa, polo que recomendamos ler as normativas que regulan estas prestacións para ter os datos actualizados e coñecer ó detalle cada unha delas.



Oficina
dos Dereitos



60408672



dereitos@mareatlantica.org

PRESTACIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL

INGRESO MÍNIMO VITAL (IMV)	1
---	----------

PRESTACIÓNS AUTONÓMICAS

RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)	6
---	----------

AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL (AIS)	11
---	-----------

TARXETA BÁSICA	14
-----------------------------	-----------

PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA (PNC)	16
---	-----------

PRESTACIÓNS MUNICIPAIS

RENDA SOCIAL MUNICIPAL	22
-------------------------------------	-----------

AXUDA DE EMERXENCIA MUNICIPAL	25
--	-----------

BONO TAXI	27
------------------------	-----------

BOLSAS COMEDOR	29
-----------------------------	-----------

PRESTACIÓN POR DESEMPREGO

RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI)	31
--	-----------

INFORMACIÓN ÚTIL

DATOS NECESARIOS PARA ENTENDER AS PRESTACIÓNS	33
--	-----------

CONTACTO	38
-----------------------	-----------

INGRESO MÍNIMO VITAL (IMV) SEGURIDADE SOCIAL

GUÍA DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS



Oficina
dos Dereitos



Quen o xestiona?

Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)

Requisitos de acceso

- Persoas de entre **23 e 65 anos**, ou maiores da devandita idade que non sexan beneficiarias de pensión de xubilación, que vivan soas ou que, aínda que compartan domicilio cunha unidade de convivencia, non se integren nela, sempre que:
 - Non estean casadas, salvo que iniciasen os trámites de separación ou divorcio.
 - Non estean unidas a outra persoa como parella de feito.
 - Non formen parte doutra unidade de convivencia.

Se se trata de persoas de **entre 23 e 29** anos deberán ter **residencia legal e efectiva en España e vivir de forma independente durante polo menos os tres anos anteriores á solicitude**, salvo que abandonasen o domicilio habitual por ser vítimas de violencia de xénero, iniciasen trámites de separación ou divorcio ou outras circunstancias que se determinen.

INGRESO MÍNIMO VITAL

REQUISITOS DE ACCESO

- Enténdese que unha persoa viviu de forma independente se acredita que o seu domicilio foi distinto ao dos seus proxenitores, titores ou acolletores durante os tres anos e que no devandito período permaneceu durante polo menos doce meses, continuados ou non, de alta na Seguridade Social, Clases Pasivas do Estado ou unha mutualidade alternativa ao Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.
- Se se trata de persoas **maiores de 30 anos deberán acreditar que, durante o ano inmediatamente anterior á devandita data, o seu domicilio en España foi distinto ao dos seus proxenitores, titores ou acolletores.**
- Mulleres maiores de idade vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual.
- Non teñen dereito á prestación as persoas usuarias dunha prestación de servizo residencial, de carácter social, sanitario ou sociosanitario, con carácter permanente e financiada con fondos públicos, salvo no suposto de mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual.

Contía

Para o ano 2020 as cantidades son as seguintes:

Unidad de convivencia	Anual	Mensual
Un adulto solo	5.538,00 €	461,50 €
Un adulto y un menor	8.417,76 €	701,48 €
Un adulto y dos menores	10.079,16 €	839,93 €
Un adulto y tres o más menores	11.740,56 €	978,38 €
Dos adultos	7.199,40 €	599,95 €
Dos adultos y un menor	8.860,80 €	738,40 €
Dos adultos y dos menores	10.522,20 €	876,85 €
Dos adultos y tres o más menores	12.183,60 €	1.015,30 €
Tres adultos	8.860,80 €	738,40 €
Tres adultos y un menor	10.522,20 €	876,85 €
Tres adultos y dos o más niños	12.183,60 €	1.015,30 €
Cuatro adultos	10.522,20 €	876,85 €
Cuatro adultos y un niño	12.183,60 €	1.015,30 €
Unidades mayores de convivencia	12.183,60 €	1.015,30 €

INGRESO MÍNIMO VITAL CONTÍA

A contía increméntase cun **complemento do 22%** do importe anual das pensións non contributivas dividido entre doce, **cando se trate de unidade de convivencia monoparental** (un só adulto que conviva cun ou máis descendentes ata o segundo grao menores de idade sobre os que teña a garda e custodia exclusiva, ou que conviva cun ou máis menores en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción cando se trata do único/a acolledor/a ou gardador/a, ou cando o outro/a proxenitor/a, gardador/a ou acolledor/a atópese ingresado en prisión ou nun centro hospitalario por un período ininterrompido igual ou superior a un ano). Para 2020 os importes son:

- **701,53** euros para unha unidade de convivencia monoparental formada por un adulto e un menor.
- **839,98** euros para unha unidade de convivencia monoparental formada por un adulto e dous menores.
- **978,44** euros para unha unidade de convivencia monoparental formada por un adulto e tres ou máis menores.

Para a determinación da contía, os fillos ou menores ou maiores con discapacidade que formen parte de distintas unidades familiares en supostos de custodia compartida establecida xudicialmente, considerarase que forman parte da unidade onde se atopen domiciliados.

As persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital atópanse exentas da achega dos usuarios á prestación farmacéutica ambulatoria.

Duración:

Manterase mentres subsistan os motivos que deron lugar á súa concesión e cùmpranse os requisitos e obrigacións previstos na Lei.

Onde podo solicitalo?

Na web imv.seg-social.es ou na rede de Centros de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS)

Normativa:

Real Decreto-ley 20/2020, de 29 de mayo, por el que se establece el ingreso mínimo vital.

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2020/BOE-A-2020-5493-consolidado.pdf>

Simulador:

<https://ingreso-minimo-vital.seg-social-innova.es/simulador>

Teléfono de información:

900 20 22 22

RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) XUNTA DE GALICIA

GUÍA DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS



Oficina
dos Dereitos



Quen a xestiona?

Consellería de Política Social - Xunta de Galicia

Onde podo solicitala?

A través das traballadoras e traballadores sociais dos servizos sociais comunitarios do teu concello ou na xefatura territorial da Consellería de Política Social da provincia de residencia.

Requisitos de acceso

Poderán ser beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia as persoas que, tecnicamente valoradas, se atopen en **situación ou risco de exclusión social**, das que se verifique a **ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego**, así como a concorrencia dalgún dos **factores de exclusión** seguintes, cando esa condición supoña especial dificultade de integración social ou laboral:

- Ter a condición de muller **vítima de violencia de xénero**
- Ser unha persoa **vítima de violencia doméstica**
- Ter unha **discapacidade valorada superior ao 33 %**
- Ser **inmigrante ou emigrante retornado**
- Proceder de institucións de **protección ou reeducación de menores**
- Ser unha persoa **sen fogar** ou habitar nunha **infravivenda**
- Pertencer a unha **minoría étnica**
- Estar en proceso de **abandono do exercicio da prostitución** ou ser **vítima de explotación sexual-laboral** en redes de prostitución ou de trata de persoas
- Ter a condición de persoa **transexual** ou estar en **proceso de reasignación sexual**
- Calquera outro factor non previsto expresamente que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral

Ademais deben reunir os seguintes requisitos:

1. Ter **residencia efectiva e constatada polos servizos sociais comunitarios** responsables de desenvolver as accións que se deseñen no correspondente proxecto de integración social e estar empadroado ou empadroada en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega, **polo menos durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude** de valoración. Computaranse para estes efectos os períodos de empadroamento sucesivo en distintos concellos galegos.
2. Ter **residencia legal**.
3. Ter máis de **25 anos**.
4. Dispor na unidade de convivencia de **ingresos inferiores ao importe do tramo persoal e familiar** que lle correspondería e, ademais, non dispor de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia.
5. Que non existan persoas legalmente obrigadas e con **posibilidade real de lles prestar alimentos** de acordo coa lexislación civil.

Para o cumprimento do **requisito de carecer de ingresos ou rendas suficientes para a subsistencia** haberá que ter en conta o seguinte:

- **A contía do ingreso mínimo do tramo persoal da RISGA será equivalente ao 75%** do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples (**IPREM**), fixado na lexislación específica que resulta aplicable.
- A contía do complemento familiar será de aplicación ás persoas que convivan coa persoa solicitante, unidas por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento ou por lazos de parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

De acordo co artigo 13 da Lei 10/2013, **quedan eximidas do cumprimento do requisito xeral de residencia e empadramento:**

a) Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español, sexan **beneficiarias do sistema de rendas mínimas na comunidade autónoma da cal proceden**, sempre que na lexislación da citada comunidade autónoma se recolla a reciprocidade ou convenio específico para o efecto.

b) As **vítimas de violencia doméstica ou de violencia de xénero** que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade.

c) As **persoas emigrantes galegas**, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, cando fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, aquelas persoas nadas en Galicia que, residindo noutras comunidades autónomas, volvan fixar a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma galega.

d) As que teñan **recoñecida a condición de persoa refuxiada** polo organismo competente da Administración xeral do Estado ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se admitise a trámite ou, non admitíndose, teñan os/as solicitantes autorizada a súa permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora do dereito de asilo e a condición de persoa refuxiada e da normativa reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.

e) As **persoas vítimas de tráfico de seres humanos ou de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero** que conten cunha autorización de residencia ou cun traballo por circunstancias excepcionais nos termos que estableza a normativa de aplicación en materia de estranxeiría.

Existen na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia unha serie de excepcións a estes requisitos xerais, artigos 13 e seguintes:

- A renda de inclusión social de Galicia será subsidiaria e incompatible coas pensións non contributivas ou con calquera outra prestación ou pensión de contía igual ou superior a das ditas pensións.
- Tampouco poderán acceder á renda de inclusión social de Galicia aquelas persoas que teñan a idade mínima establecida para que podan solicitar unha pensión non contributiva de xubilación.
- Calquera outro ingreso, así como as pensións e prestacións de importe inferior ao da pensión non contributiva percibidas pola persoa solicitante da renda de inclusión social de Galicia, non impedirán o acceso a ela, pero descontaranse do seu importe, coas excepcións sinaladas na Lei 10/2013, do 27 de novembro.
- Así mesmo, os ingresos, pensións ou prestacións percibidas por outras persoas integrantes da unidade de convivencia distintas da titular serán compatibles e deducibles do importe da renda nos termos sinalados na Lei 10/2013, do 27 de novembro.

Proxecto de integración social

O proxecto de integración social é **obligatorio** e estará orientado ao **logro da mellora persoal e social da persoa perceptora da Risga e das que integran a unidade de convivencia, así como á súa autonomía, participación e integración normalizada no seu ámbito social.**

O proxecto de integración social articularase por medio de **accións concretas que incidan na mellora das condicións básicas de vida, coidado persoal, hixiene do fogar e da vivenda, coidado e atención a posibles conviventes con calquera tipo de discapacidade e seguimento de aspectos básicos da saúde.** Ademais, especificará, de acordo coas características de cada caso, aspectos concretos de cambio ou axuste persoal, tales como a modificación de hábitos, desintoxicación, mellora da autonomía persoal, en especial no relativo á organización e xestión da economía doméstica, e apoio á alfabetización ou instrución básica, así como a mediación social e intercultural, incluída a relacionada coa vivenda, entre outros.

Contía

Conceptos		Contías
TRAMO PERSOAL (75% IPREM) - Ingreso mínimo		403,38
TRAMO FAMILIAR	1º (14% IPREM)	75,30
	2º (12% IPREM)	64,54
	3º e sg. (10% IPREM)	53,78

Duración

Anual, revisable

Normativa

Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (DOG do 31 de decembro)

Decreto:

https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/normativa/decreto_14-2019_gal.pdf

AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL (AIS)

XUNTA DE GALICIA

GUÍA DE PRESTACIONES ECONÓMICAS



Que é?

As axudas de inclusión social están destinadas a **sufragar gastos extraordinarios e urxentes** e, se é o caso, a financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

As persoas ou unidades de convivencia perceptoras destas axudas **vincularanse a proxectos de traballo social ou socioeducativos desenvolvidos desde os servizos sociais** comunitarios, que se responsabilizarán do seu seguimento.

As axudas de inclusión social, segundo a súa finalidade, poderán ser dos seguintes tipos:

1. Vinculadas ao **uso da vivenda**: son as destinadas a posibilitar que se continúe habitando a vivenda habitual cando ese feito favoreza o proceso de inclusión. Comprenden axudas para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas dela ou que reforcen o proceso de tránsito a unha vivenda normalizada de persoas residentes en chabolas ou infravivendas.

2. Vinculadas á **mellora da habitabilidade da vivenda habitual**: destinaranse á adecuación da vivenda, así como a mellorar a súa accesibilidade, co fin de adaptala ás circunstancias físicas da persoa usuaria.

3. Destinadas ao **equipamento mobiliario básico da vivenda**.

4. Axudas para a **atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico**.

5. Axudas para a **atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais**, cando se trate de tratamentos, elementos protésicos ou axudas técnicas que sexan decisivos para evitar un déficit sensorial, de mobilidade, de saúde ou unha situación persoal de desvantaxe que impida ou dificulte gravemente o proceso de integración social.

6. Axudas para **gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación**.

7. Axudas para **gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal**, especialmente nos casos de trastornos relacionados coa drogodependencia

Quen a xestiona?

Consellería de Política Social - Xunta de Galicia

Onde podo solicitala?

A través das traballadoras e traballadores sociais dos servizos sociais comunitarios do teu concello ou na xefatura territorial da Consellería de Política Social da provincia de residencia.

Requisitos de acceso

- Ser maior de idade.
- Estar empadroado ou empadroada e ter residencia constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non dispor de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación que xustifica a solicitude da axuda.

Para o cumprimento do requisito de carecer de ingresos ou rendas suficientes consideraranse ingresos insuficientes cando non sexan superiores ao 125% do importe do tramo persoal e familiar da renda de inclusión que lle correspondería á unidade de convivencia.

Núm. convivintes	Límites RISGA		Límites AIS	
	sen menores	con menores	sen menores	con menores
1 (Ingreso mínimo)	403,38		504,23	
2 (Ing. mínimo + 14% IPREM)	478,68		598,35	
3 (Ing. mínimo + 26% IPREM)	543,22		679,03	
4 (Ing. mínimo + 36% IPREM)	597,00		746,25	
5	645,41	650,78	806,76	813,48
6	645,41	704,56	806,76	880,70
7	645,41	726,08	806,76	907,60

Contía

Tipo de axuda	Límite importes		Límite temporal
Vinculadas ao uso da vivenda	2,5 IPREM	1.344,59	cada 2 anos
Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda	10 IPREM	5.378,36	cada 5 anos
Equipamento mobiliario básico da vivenda	2 IPREM	1.075,67	cada 2 anos
Atención das necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico	2 IPREM	1.075,67	cada 2 anos
Atención sanitaria e sociosanitaria non cuberta polo sistema público de saúde e de servizos sociais	2 IPREM	1.075,67	cada 2 anos
Actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación	2 IPREM	1.075,67	cada ano
Gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal	2 IPREM	1.075,67	cada ano

Duración

É unha prestación non periódica, só podes cobrala unha vez ó ano ou cada dous, dependendo do tipo de axuda que sexa.

Normativa

Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (DOG do 31 de decembro)

Decreto:

https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/normativa/decreto_14-2019_gal.pdf

TARXETA BÁSICA

XUNTA DE GALICIA

GUÍA DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS



Que é?

É unha tarxeta moedeiro que permite mercar produtos de alimentación, hixiene e farmacia.

Quen a xestiona?

Cruz Vermella e Consellería de Política Social da Xunta de Galicia

Onde podo solicitala?

En Cruz Vermella ou a través dos servizos sociais municipais do teu concello.

Requisitos de acceso

- Persoas e familias residentes en Galicia que se atopan en **situación de vulnerabilidade económica por carecer de ingresos efectivos ou porque os ingresos da unidade de convivencia non acadan o importe** que lle correspondería en concepto de tramo persoal e familiar de RISGA, de acordo coas contías establecidas para o ingreso mínimo e os complementos familiares (artigo 21 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia).
- Residencia. **Non será preciso a acreditación de residencia legal nin período mínimo de residencia algún.** Será, por tanto, suficiente con que haxa unha residencia efectiva en Galicia con constancia polas profesionais de referencia mediante sinatura no formulario de solicitude.
- **Persoas e familias non perceptoras de prestacións económicas regulares de periodicidade mensual** (RISGA, PNC, IMV, RAI, prestacións por desemprego...).

Contía

As tarxetas-moedeiro cárganse, con periodicidade mensual durante os **seis meses** seguintes á entrega e con distintos importes de axuda económica en función do número de persoas integrantes da unidade familiar:

- **1** persoa: **150€/mes** (450€ en total)
- **2** persoas: **200€/mes** (600€ en total)
- **3** ou máis persoas: **300€/mes** (900€ en total)

Duración

6 meses

Máis información:

<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/52303/fejoo-anuncia-ampliacion-tarjeta-basica-por-tres-meses-mas-para-ayudaradquisicion#:~:text=El%20presidente%20del%20Gobierno%20gallego,vigencia%20por%20tres%20meses%20m%C3%A1s.>

PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA (PNC)

XUNTA DE GALICIA

GUÍA DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS



Oficina
dos Dereitos



Que é?

Son prestacións económicas da Seguridade Social e xestionadas pola Xunta de Galicia que se recoñecen a aquelas persoas que:

- Se atopen nunha situación de necesidade.
- Carezan de recursos suficientes para a súa subsistencia nos termos legalmente establecidos.
- Non cotizaran nunca ou non o fixeran durante o tempo suficiente para alcanzar as pensións contributivas.

Dentro desta modalidade, atópanse as seguintes pensións:

→ **Pensión non contributiva de invalidez**

A pensión por invalidez non contributiva consiste nunha prestación económica individualizada, de carácter periódico, para **maiores de 18 anos e menores de 65** que teñen un **grao de discapacidade igual ou superior ao 65%** e non teñen recursos económicos suficientes.

→ **Pensión non contributiva de xubilación**

A pensión por xubilación non contributiva consiste nunha prestación económica individualizada, de carácter periódico, para **maiores de 65 anos** que non cotizaron o mínimo para ter a pensión contributiva e que non teñen recursos económicos suficientes.

A pensión para o ano 2020, é dun **mínimo de 98,90 euros** e un **máximo de 395,60 euros** por **14 mensualidades** ao ano.

Quen a xestiona?

Consellería de Política Social da Xunta de Galicia

Onde pode solicitala?

Na Xefatura territorial da Consellería de Política Social da provincia de residencia.

Requisitos de acceso

Pensión non contributiva de invalidez

Poderán ser beneficiarios/a da pensión non contributiva de invalidez as persoas de nacionalidade española e estranxeiras con residencia legal en España que cumpran os seguintes requisitos:

- **Idade:** ser **maior de dezaoto anos e menor de sesenta e cinco.**
- **Residencia:** residir en territorio español e facelo durante un período de **cinco anos**, dos cales dous serán consecutivos e inmediatamente anteriores á data de solicitude.
- **Discapacidade:** grao de discapacidade **igual ou superior ao 65%.**
- **Carecer de rendas ou ingresos suficientes:** existe carencia, cando as rendas ou ingresos de que se dispoña, en cómputo anual para o 2020, sexan **inferiores a 5.538,40 euros anuais.** Con todo, se son inferiores a 5.538,40 € anuais e se convive con familiares, unicamente se cumpre o requisito cando a suma das rendas ou ingresos anuais de todos os membros da súa Unidade Económica de Convivencia, sexan inferiores ás contías que se recollen a continuación.
- **Existe Unidade Económica de Convivencia** en todos os casos de convivencia da persoa solicitante con outras persoas unidas con aquel por matrimonio ou por lazos de parentesco de consanguinidade ou adopción ata o segundo grao. **O parentesco por consanguinidade ata o 2º grado alcanza a: pai/nai, avós/as, fillos/as, netos/as e irmáns/irmás da persoa solicitante**

Requisitos de acceso

Pensión non contributiva de xubilación

Poderán ser beneficiarios/as da pensión non contributiva de xubilación as persoas de nacionalidade española e estranxeiras con residencia legal en España que cumpran os seguintes requisitos:

- **Idade:** ter **65 anos ou máis**.
- **Residencia:** residir en territorio español e facelo durante un período de **dez anos no período que media entre a data do cumprimento dos dezaseis anos e a do devengo da pensión**, dos cales dous serán consecutivos e inmediatamente anteriores á data de solicitude.
- **Carecer de rendas ou ingresos suficientes:** existe carencia, cando as rendas ou ingresos de que se dispoña, en cómputo anual para o 2020, sexan inferiores a 5.538,40 euros anuais. Con todo, se son inferiores a 5.538,40 € anuais e se convive con familiares, unicamente se cumpre o requisito cando a suma das rendas ou ingresos anuais de todos os membros da súa Unidade Económica de Convivencia, sexan inferiores ás contías que se recollen a continuación.
- **Existe Unidade Económica de Convivencia** en todos os casos de convivencia da persoa solicitante con outras persoas unidas con aquel por matrimonio ou por lazos de parentesco de consanguinidade ou adopción ata o segundo grao. O parentesco por consanguinidade ata o 2º grado alcanza a: pai/nai, avós/as, fillos/as, netos/as e irmáns/irmás da persoa solicitante.

Requisitos para o complemento de alugueiro para ambas PNC

Poderán ser beneficiarias deste complemento as persoas que reúnan, á data da solicitude, os seguintes requisitos:

- Ter recoñecida unha pensión de xubilación ou invalidez da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, na data da solicitude e na da resolución.
- Carecer de vivenda en propiedade.
- Ser titular dun contrato de arrendamento da vivenda.
- Non ter co arrendador da vivenda alugada relación conxugal ou de parentesco ata o terceiro grao nin constituír con aquel unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal.
- Ter fixada a súa residencia, como domicilio habitual, nunha vivenda alugada. Entenderase que é o domicilio habitual cando a vixencia do arrendamento non sexa inferior a un ano e residise na mesma durante un período mínimo de 180 días anteriores á data da solicitude.

Se na mesma vivenda alugada conviven dúas ou máis persoas que tivesen recoñecida unha PNC, só terá dereito a este complemento aquel que sexa o titular do contrato de arrendamento ou, de ser varios, o primeiro deles.

Contía

Para os dous tipos de PNC, a pensión para o ano 2020 é dun **mínimo de 98,90 euros** e un **máximo de 395,60 euros** por **14 mensualidades** ao ano.

Contía PNC de invalidez

A contía individual da pensión establécese en función do número de beneficiarios/as de pensión non contributiva integrados na mesma unidade económica de convivencia, dos ingresos persoais e/ou das persoas que integran a unidade económica, non podendo ser inferior dita contía a **1.384,60 € anuais**, que se corresponde co 25% do importe íntegro para o ano 2020.

A contía individual da pensión non contributiva de invalidez establecida increméntase co complemento por necesidade doutra persoa sempre que se acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 75%, así como a necesidade de axuda doutra persoa para realizar os actos esenciais da vida. O importe deste **complemento** para o ano 2020 é de **2.769,20 € anuais**.

Contía PNC de xubilación

Contías básicas para 2020		
Contía	Anual	Mensual
Íntegra	5.538,40 €	395,60 €
Mínima 25%	1.384,60 €	98,90 €

Cando dentro dunha mesma familia conviva máis dunha persoa beneficiaria de pensión non contributiva, a contía individual para cada un deles é a seguinte:

Nº beneficiarios	Anual	Mensual
2	4.707,64 €	336,26 €
3	4.430,72 €	316,48 €

Complemento de aluguer para ambas PNC

A contía anual do complemento prevista no apartado II do Anexo do Real Decreto-lei 1/2020, do 14 de xaneiro, polo que se establece a revalorización e mantemento das pensións e prestacións públicas do sistema de Seguridade Social, ascende a **525 €**.

Duración

Revísase anualmente. Para renovala é necesario:

- Comunicar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, no prazo máximo de 30 días desde a data na que se produza **calquera variación da situación de convivencia, estado civil, residencia, recursos económicos propios ou alleos computables** por razón da convivencia, e cantas outras podan ter incidencia na conservación do dereito ou na contía da súa pensión.
- Presentar no **primeiro trimestre de cada ano (ata o 31 de marzo)** unha **declaración dos ingresos ou rendas da respectiva unidade económica de convivencia**, referida ao ano inmediatamente anterior, así como as posibles variacións e previsións relativas ao ano en curso.

Normativa

Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas.

<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1990-30939>

Real Decreto 357/1991, do 15 de marzo, polo que se desenvolve, en materia de pensións non contributivas, a Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas.

<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1991-7270>

Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-11724

RENDA SOCIAL MUNICIPAL

CONCELLO DA CORUÑA

GUÍA DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS



Quen a xestiona?

Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá – Concello da Coruña

Onde a pode pedir?

A través das traballadoras e traballadores sociais do Concello da Coruña.

Requisitos de acceso

A renda social municipal ten carácter subsidiario da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e complementario de todo tipo de recursos e prestacións de contido económico previstos na lexislación vixente de contía inferior ás establecidas para a renda social municipal.

Requisitos:

- **Non ter dereito a percibir a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)**, ou prestación autonómica que a substitúa, ou a outras axudas e prestacións de carácter público e natureza similar. Non cumpriran este requisito as persoas que renuncien á percepción ou perdan o dereito á mesma por razóns imputables a elas mesmas.
- *Estar **empadroada e ter residencia efectiva no Concello da Coruña**, cunha antigüidade mínima de **seis meses** inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude. Exceptúase do requisito de antigüidade de empadramento a:*
 - **Vítimas de violencia de xénero que cambien o seu domicilio** por motivos de seguridade.
 - **Persoas emigrantes galegas**, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, cando fixen a súa residencia no Concello da Coruña.
 - Persoas que teñan recoñecida a condición de **persoa refuxiada** polo organismo competente da Administración Xeral do Estado, ou cuxa solicitude de asilo teña sido admitida a trámite ou, sen admitirse, teñan autorizada a súa permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora dos dereitos e liberdades das persoas extranxeiras en España e a súa integración social.

Requisitos de acceso

- Ter **cumpridos 18 anos**. Exceptúase deste límite de idade ás persoas que, estando legalmente emancipadas, se atopen nalgunha das seguintes situacións:
 - Que teñan economicamente **ao seu cargo outras persoas menores de idade ou persoas maoires de idade con discapacidade** ou con cualificación de dependentes.
 - Que sexan **orfas de pai e nai sen dereito a prestación**.
- Ter **idade menor da mínima establecida para poder solicitar unha pensión non contributiva de xubilación**; excepto aquelas persoas que non reúnan os requisitos para acceder a ela.
- Ter constituída unha **unidade de convivencia independente**.
- Presentar **dificultades para a cobertura das necesidades básicas** por non dispoñer de recursos económicos suficientes.

Para determinar se a unidade de convivencia dispón de recursos económicos suficientes porase a súa capacidade económica en relación co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual. A estes efectos, entenderase que dispoñen de recursos económicos suficientes as unidades de convivencia integradas por un membro que teñan unha **capacidade económica igual ou superior ao 100% do IPREM**. Esta porcentaxe incrementárase en **20 puntos porcentuais por cada membro adicional da unidade de convivencia**. En ningún caso poderán solicitar a renda social municipal as unidades de convivencia que teñan unha capacidade económica **superior ao 200% do IPREM**

Contía

Unidade de convivencia	Contía
1 persoa	→ ata 532,51 €
2 persoas	→ ata 639,01 €
3 persoas	→ ata 745,51 €
4 persoas	→ ata 852,01 €
5 persoas	→ ata 958,51 €
6 persoas ou máis	→ ata 1.065,01 €

Duración

A renda social municipal percibirase por un prazo máximo de seis meses, contados a partir da súa concesión. Este prazo poderá ser prorrogado cando se manteñan as condicións polas que se concedeu a renda social municipal, ata un máximo de dezoito meses, logo do previo informe do/a traballador/a social, mediante a correspondente resolución expresa que deberá estar motivada.

Normativa

Ordenanza municipal reguladora da Renda Social Municipal

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2016/08/26/2016_0000007013.pdf

AXUDA DE EMERXENCIA MUNICIPAL

CONCELLO DA CORUÑA

GUÍA DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS



Quen a xestiona?

Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá – Concello da Coruña

Onde a pode pedir?

A través das traballadoras e traballadores sociais do Concello da Coruña.

Requisitos de acceso

- Ser **maior de idade ou menor emancipado/a**
- Estar **empadroada/o no municipio da Coruña de forma ininterrompida polo menos cun ano de antigüidade**. Excepcionalmente poderán ser beneficiarios, previo informe dos técnicos municipais de servizos sociais, aquelas persoas que carecendo de domicilio na Coruña a súa situación de urxencia social fagan necesaria esta axuda.
- Acreditar a **situación de necesidade**.
- Achegar a documentación requirida en cada caso.
- Aceptación expresa, por parte do usuario/a, das condicións que figuran no deseño de intervención social.
- Acreditar mediante documento de declaración responsable de estar ao corrente das obrigacións fiscais e coa Seguridade Social, así como declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos e para a mesma finalidade, a axuda solicitada.

Contía

Ata o importe dunha mensualidade do IPREM (**537,84 €**), un máximo de tres veces nun período de doce meses.

Calquera outro concepto: ata un máximo anual do 300% do IPREM mensual (**1.613,52 €**)

Duración

Non periódica.

Normativa

Ordenanza municipal de emerxencia social:

<https://bop.dicoruna.es/bop/2008/04/22/08-4383-x.htm>

Modificación dos artigos 11.a) e 12 da Ordenanza municipal de emerxencia social:

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2012/04/18/2012_0000004357.pdf

BONO TAXI

CONCELLO DA CORUÑA

GUÍA DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS



Que é?

É unha axuda económica de carácter individual para persoas con discapacidade que lles impida utilizar os transportes públicos colectivos co fin de proporcionarlles un servizo alternativo de taxi para os seus desprazamentos.

Quen a xestiona?

Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello da Coruña

Onde a podo pedir?

Na Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello da Coruña.

Requisitos de acceso

Persoas con **discapacidade recoñecida** polo organismo competente da Xunta de Galicia, ou Administración competente, que afecte gravemente á mobilidade e que lles **impida utilizar os transportes públicos colectivos**. Esta condición debe quedar acreditada no documento administrativo que certifique a discapacidade.

Son requisitos esixibles ás persoas beneficiarias, que deberán estar cumpridos con anterioridade á data de finalización de presentación de solicitudes e manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei Xeral De Subvencións, os seguintes:

- a) Ser maior de 3 anos.
- b) **Residir no Concello da Coruña e constar empadroad/a.**
- c) Ter recoñecida legalmente a condición de **persoa con discapacidade mediante resolución** (ou documento equivalente) do organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración correspondente na que conste que a discapacidade afecta gravemente á mobilidade e impide utilizar os transportes públicos colectivos.
- d) No caso de que a persoa solicitante se atope en activo, **non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo**. Nin tampouco ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.
- e) Se a persoa é maior de 18 anos, **non constar como titular de vehículo**.
- f) Non **dispoñer dunha capacidade económica**, calculada conforme ao establecido na cláusula 6.4, superior ao 210% do IPREM vixente no ano 2021.
- g) **Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), co Concello da Coruña así como coa Tesourería da Seguridade Social.**

Requisitos de acceso

Composición da unidade de convivencia. Consideraranse membros computables da unidade de convivencia os seguintes:

- A/o cónxuxe ou parella de feito.
- Os fillos e fillas menores de 25 anos, o maiores desa idade incapacitados xudicialmente, que convivan no domicilio.
- Os menores en situación de acollemento permanente ou preadoptivo.

No caso de solicitantes menores de idade ou con idade comprendida entre os 18 e 25, cando non estean emancipados (vivenda independente e ingresos inferiores ao SMI), a unidade de convivencia a considerar será a formada polos seus proxenitores ou titores e os restantes fillos e fillas menores de 25 anos, o maiores desa idade incapacitados xudicialmente, que convivan no domicilio.

Contía

Máximo **2.000** euros.

Duración

12 meses.

Normativa

Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, de data 18 de novembro de 2020, polo que se convocan axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade exercicio 2021 (105/2020/10350)

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2020/11/26/2020_0000008691.pdf

Convocatoria 2020

<https://www.coruna.gal/descarga/1453681396021/galego-Bases-Convocatoria-Axudas-Bono-Taxi-2020-galego.pdf>

BOLSAS COMEDOR

CONCELLO DA CORUÑA

GUÍA DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS



Que é?

Bolsa destinada a **sufragar o custe do servizo de comedor** para o alumnado dos centros de **educación infantil e primaria** (CEIP), dos **institutos de ensino secundario** (IES) e **formación profesional** e dos **centros de educación especial** sostidos total ou parcialmente con fondos públicos (CEE), sempre que estean localizados no termo municipal da Coruña e presten o servizo de comedor, cando reúna os demais requisitos que esixe esta convocatoria.

Quen a xestiona?

Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello da Coruña

Onde a podo pedir?

Completando o seguinte formulario:

https://www.coruna.gal/descarga/1453723158329/Solicitud-beca-comedor_-publicada-en-sede-electronica.pdf

- Presentándoo de forma presencial nos Rexistros Municipais o Rexistro Xeral do Concello:
 - Concello da Coruña. Praza de María Pita nº 1 C.P. 15001, A Coruña
 - Fórum Metropolitano. Rúa Río de Monelos nº 1 C.P. 15006, A Coruña
 - Centro Sociocultural Ágora. Cale Ágora s/n C.P. 15010, A Coruña
 - Centro Cívico Municipal de Mesoiro. Rúa Ancares, 15. 15190, A Coruña.
- Por correo certificado dirixido ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña.
- A través do rexistro telemático identificándose con DNI electrónico ou certificado dixital avanzado e recoñecido.
- Nos demais supostos contemplados no art 16.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Requisitos de acceso

Nesta convocatoria, a persoa beneficiaria é a persoa menor de idade ou alumno/a que efectivamente uso o comedor escolar. Neste sentido, a solicitude debe realizarse a nome desta persoa. Na maior parte dos casos, dado que a persoa beneficiaria é menor de idade, deberá figurar unha das persoas proxenitoras/titoras/gardadoras como representante legal. Igualmente, as persoas proxenitoras ou que ostenten a custodia ou garda legal, deberán cubrir o anexo IV cos seus datos completos. Este anexo permite ao tempo a oposición destas persoas á consulta dos datos necesarios para a valoración da solicitude de bolsa comedor. Só no caso de que non se autorice esta consulta, deberá sinalar a súa oposición no recadro correspondente. A autorización para a consulta dos datos da persoa menor de idade enténdese outorgada coa presentación da solicitude, só se deberá marcar o recadro correspondente na folla de solicitude en caso de opoñerse a esta consulta. A solicitude no modelo específico deberá vir sempre acompañada da seguinte documentación:

- Anexos I, II, III, IV e V debidamente cubertos.
- Libro de Familia ou documento equivalente que acredite a filiación ou representación legal. Nos casos en que o pai ou a nai non convivan, copia da sentenza ou convenio regulador que conteña as medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente.
- Certificado escolar ou copia da matrícula ou solicitude desta.

Contía

A contía da bolsa de comedor cubrirá a totalidade do custo do servizo do comedor en centros públicos de educación infantil e primaria (CEIP), institutos de ensino secundario (IES) e formación profesional ou centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos (CEE). No caso dos centros privados e/ou concertados, a contía da axuda de comedor será de 80€ como norma xeral. Será por conta das familias beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo.

Duración

Curso escolar.

Máis información

Acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de marzo de 2020 pola que se aproba a convocatoria e bases reguladoras para a concesión de bolsas comedor para o curso escolar 2020/2021 (Ref. 512020002-105/2020/2111.-Convocatoria Bolsa de Comedor)

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2020/03/20/2020_0000002109.pdf

RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI)

SEPE

GUÍA DE PRESTACIONES ECONÓMICAS



Quen a xestiona?

Servicio de Empleo Estatal (SEPE)

Onde a pode solicitar?

- Oficina do Servicio de Empleo Estatal (SEPE) pedindo cita previa
- A través da Sede electrónica do SEPE, se se ten certificado dixital, clave ou DNI electrónico.
- En calquera oficina de rexistro público
- Por correo administrativo.

Requisitos de acceso

Persoa desempregada de longa duración

- Ter 45 ou máis anos de idade.
- Extinguir unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, salvo por sanción.
- Non ter dereito ás prestacións ou subsidios de desemprego ou á renda agraria.
- Estar rexistrado ou rexistrada ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses. Considérase interrompida a demanda se se traballou un período acumulado de 90 ou máis días nos 365 anteriores á data de solicitude de incorporación ao programa de renda activa de inserción ou se se saíu ao estranxeiro.

Persoa con discapacidade

- Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Extinguir unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, salvo por sanción.
- Non ter dereito ás prestacións ou subsidios de desemprego ou á renda agraria.
- Estar rexistrado ou rexistrada ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses. Considérase interrompida a demanda se se traballou un período acumulado de 90 ou máis días nos 365 anteriores á data de solicitude de incorporación ao programa de renda activa de inserción ou se se saíu ao estranxeiro.

Requisitos de acceso

Vítima de violencia de xénero ou violencia doméstica

Ter acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia de xénero ou doméstica, salvo cando conviva coa persoa agresora, e **estar inscrita como demandante de emprego**, sempre que reúna os requisitos esixidos, excepto o de ser maior de 45 anos e ser demandante de emprego inscrita ininterrompidamente como desempregada doce ou máis meses.

Persoas emigrantes retornadas

- **Ser persoa desempregada e estar inscrita como demandante de emprego** e subscribir o compromiso de actividade .
- Ter **45 ou máis anos de idade e ser menor de 65 anos**.
- **Non ter dereito á prestación contributiva nin ao subsidio por desemprego**.
- **Non ter ingresos propios superiores ao 75 % do Salario Mínimo Interprofesional (SMI)**. As rendas computaranse polo seu rendemento íntegro ou bruto.
- No seu caso, a suma dos ingresos mensuais obtidos por todos os membros da unidade familiar, (o cónxuxe e os fillos menores de 26 anos ou maiores con discapacidade ou menores acollidos), dividida polo número de membros que a compoñen non pode superar o 75 % do SMI, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.
- **Non ser beneficiario da renda activa de inserción nos 365 días naturais anteriores á data de solicitude** de admisión ao programa da renda activa de inserción, salvo no caso de vítimas de violencia de xénero ou violencia doméstica e persoas con discapacidade.
- **Non ser beneficiario de tres RAI anteriores**. A RAI pódese cobrar como máximo tres períodos.
- **Traballar polo menos 6 meses no estranxeiro** desde a última saída de España e retornar nos 12 meses anteriores á solicitude.

Contía

431 €/mes. Será igual ao 80 % do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

As **vítimas de violencia de xénero ou vítimas de violencia doméstica**, obrigadas a cambiar a súa residencia nos 12 meses anteriores á solicitude de admisión ao programa ou durante a súa permanencia neste, poderán percibir **nun só pago unha axuda suplementaria de 3 meses da renda activa de inserción, previa solicitude**.

Duración

11 meses

Normativa

Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego.

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2006/BOE-A-2006-21239-consolidado.pdf>

INFORMACIÓN ÚTIL

GUÍA DE PRESTACIONES ECONÓMICAS



DATOS NECESARIOS PARA ENTENDER AS PRESTACIÓNS

Que é o IPREM?

O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) é un índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, subvencións ou o subsidio de desemprego. Naceu en 2004 para substituír ao Salario Mínimo Interprofesional como referencia para estas axudas.

O IPREM publícase anualmente a través da Lei de Orzamentos, de forma que teremos que usar como referencia o último valor publicado de forma oficial (ver táboa) para determinar se os nosos ingresos superan un determinado número de veces o IPREM actual.

A modo de exemplo algunhas axudas están restrinxidas, por exemplo, a 3 veces o valor do IPREM vixente. Neste caso multiplicaremos o citado valor por 3 e teremos que comprobar se os nosos ingresos anuais, de acordo á declaración da renda, superan esta contía.

Año	IPREM Mensual	IPREM Anual (12 pagas)	IPREM Anual (14 pagas)
2020	537,84 €	6.454,03 €	7.519,59 €
2019	537,84 €	6.454,03 €	7.519,59 €
2018	537,84 €	6.454,03 €	7.519,59 €
2017	537,84 €	6.454,03 €	7.519,59 €
2016	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2015	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2014	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2013	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2012	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2011	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2010	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2009	527,24 €	6.326,86 €	7.381,33 €
2008	516,90 €	6.202,80 €	7.236,60 €
2007	499,20 €	5.990,40 €	6.986,80 €
2006	479,10 €	5.749,20 €	6.707,40 €
2005	469,80 €	5.637,60 €	6.577,20 €
2004	460,50 €	5.526,00 €	6.447,00 €

Fontes:

REAL DECRETO LEY 3/2004, de 25 de junio, para la racionalización de la regulación del salario mínimo interprofesional y para el incremento de su cuantía.

<http://www.iprem.com.es/>

DATOS NECESARIOS PARA ENTENDER AS PRESTACIÓNS ???

Que é a UNIDADE DE CONVIVENCIA?

Este termo que podemos ver en case todas as prestacións sociais fai referencia ás persoas que viven no mesmo domicilio e teñen unha relación de parentesco ata certo grao. En función da prestación que queiras solicitar, a unidade de convivencia ten unhas características determinadas.

→ A unidade de convivencia no Ingreso Mínimo Vital

O Decreto Lei do IMV aclara como se calcula que é unha unidade de convivencia e quen forma parte dela, clave para calcular o IMV e como se distribúe. Trátase das **persoas que viven no mesmo domicilio e que están vinculadas entre elas por matrimonio, parella de feito, adopción ou acollemento ou vínculo de ata segundo grao (avós, netos, irmáns...)**. Se a persoa que era o nexos de unión entre varios membros falece non se perde a conexión para considerarse unidade de convivencia. Imaxinemos por exemplo unha muller cuxo marido faleceu pero vive cos seus sogros: o vínculo, neste caso, mantense.

Aínda que é imprescindible que os membros vivan no mesmo domicilio, non se perderá a axuda no caso de que haxa separacións transitorias dalgún deles por traballo, estudos ou tratamentos médicos, sempre que teñan residencia legal en España. Así, se por exemplo un dos dous pais vive unha boa parte do ano noutra cidade polo seu traballo, manterase a unidade de convivencia.

Ademais, as **familias monoparentais con fillos, en trámites de separación ou divorcio ou separadas, tamén compoñerán unha unidade de convivencia**. No caso de custodia compartida, os menores contarán na vivenda na que estean empadroados. E as vítimas de violencia de xénero que abandonasen o seu domicilio con fillos ou familiares de segundo grao aínda que non se separaron aínda.

DATOS NECESARIOS PARA ENTENDER AS PRESTACIÓNS ???

→ **A unidade de convivencia no Ingreso Mínimo Vital**

O Decreto Lei tamén abre a porta a que persoas sen relación familiar entre eles pero que vivan xuntas poidan formar unha unidade de convivencia. Este suposto desenvolverase vía regulamento. Nese caso, igual que no de persoas soas, será imprescindible demostrar a independencia: excepto no caso de separacións ou divorcios: estar de alta na Seguridade Social polo menos 12 meses ao longo da súa vida, aínda que sexa de forma non continuada; e residir nun domicilio diferente ao dos pais durante o últimos tres anos. Non fai falta que cumpran todas estas condicións as vítimas de violencia de xénero ou de trata de seres humanos e explotación sexual.

En todo caso, **non se poderá formar parte de máis dunha unidade de convivencia e nun domicilio poderá haber, como máximo, dúas unidades de convivencia.** Se, por exemplo, viven xuntas unha familia e dúas persoas sen relación entre elas, como unha parella que non formalizou a súa relación, todas as persoas con vínculos familiares formarán unha unidade de convivencia e o resto, neste exemplo a parella, outra.

As unidades de convivencia:

- **Persoas que viven xuntas** (aínda que haxa separacións temporais por traballo, estudo ou tratamentos médicos) de **ata segundo grao de consanguineidad ou matrimonios e parellas de feito**, tamén nenos adoptados ou acollidos.
- **Persoas que están en trámite de separación ou divorcio, con fillos e/ou familiares de ata segundo grao e vítimas de violencia de xénero con fillos que abandonasen o domicilio familiar aínda que non iniciasen os trámites de separación.** En ambos os casos, se viven soas, acceden como persoas individuais.
- **Persoas sen relación familiar que vivan xuntas e sexan independentes** (12 meses de alta na Seguridade Social aínda que non sexa de forma continuada ao longo da súa vida e domicilio distinto ao dos pais durante tres anos).
- En cada domicilio pode haber un **máximo de dúas unidades de convivencia.**
- As unidades de convivencia deben estar **constituídas polo menos desde un ano antes a presentar a solicitude de forma continuada** (excepto para sumar menores na caso de nacemento ou adopción ou no de vítimas de violencia de xénero, separacións ou trata).

Fonte: <https://civio.es/el-boe-nuestro-de-cada-dia/2020/06/01/ingreso-minimo-vital-boe/>

DATOS NECESARIOS PARA ENTENDER AS PRESTACIÓNS ???

→ A unidade de convivencia na RISGA

De conformidade co artigo 11.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, como regra xeral concederáse **unha soa renda por domicilio, entendido como marco físico de aloxamento da unidade de convivencia da cal forma parte a persoa titular da prestación**. No suposto de que no mesmo domicilio a unidade de convivencia solicitante se atope convivindo con outra unidade de convivencia, sexa esta ou non beneficiaria da RISGA, poderá concederse a prestación con carácter excepcional sempre que se acredite o dereito ao seu uso mediante un contrato de arrendamento en vigor ou calquera outro título xurídico válido.

Nos demais casos, o órgano de resolución concederá un prazo de ata un máximo de doce meses desde a data de concesión para pasar a residir nun domicilio independente, con posibilidade dunha prórroga por un mesmo prazo de doce meses, cando se xustifique a súa necesidade polas dificultades de acceso a un domicilio independente, para o que se terá en conta o establecido no informe social do/da traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos.

Neste decreto **considerarase unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.**

Fonte:

Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190301/AnuncioG0425-2102191_gl.pdf

DATOS NECESARIOS PARA ENTENDER AS PRESTACIÓNS ???

Que é a OBRIGA DE PRESTAR ALIMENTOS?

O **artigo 142 do Código Civil** expresa a obriga de prestar alimentos supón **prestar todos aqueles medios necesarios para a subsistencia dunha persoa**, relativos á alimentación propiamente dita e a todos os aspectos da vida en xeral, incluída a educación.

Por alimentos enténdense todos aqueles medios necesarios para a subsistencia dunha persoa, e que comprende **non só os relativos á alimentación propiamente dita, senón tamén a todos os aspectos da vida en xeral, incluídos por suposto, os de educación.**

Un dos requisitos para percibir a RISGA é que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestar alimentos á persoa solicitante. Por exemplo, uns pais ou uns fillos que teñan medios económicos para prestalos. Da igual que leves anos sen ter relación con eles.

A prestación de alimentos é, en consecuencia, a satisfacción por unha persoa, a favor doutra, dos medios necesarios para a subsistencia desta. Tendo en conta que o Código Civil data do ano 1889, quizáis deberíase replantexar este concepto arcaico.

Fonte:

https://guiasjuridicas.wolterskluwer.es/Content/Documento.aspx?params=H4slAAAAAAAAEAMtMSbF1jTAAAUNDUxMLtbLUouLM_DxblwMDCwNzA7BAZlqIS35ySGVBqm1aYk5xKgAAI0jBNQAAAA=WKE#:~:text=la%20deuda%20alimenticia.,%C2%BFQui%C3%A9nes%20est%C3%A1n%20obligados%20a%20prestar%20alimentos%3F,que%20se%20hallen%20en%20convivencia.

Que é o SILENCIO ADMINISTRATIVO?

Denomínase silencio administrativo ao feito de que cando solicitas algo á Administración Pública (Estado, Concello, Goberno...) pode darse o caso de que esta **non responda**. A Lei establece que en certos casos o silencio administrativo é **positivo**, o que significaría que o que se solicita é **concedido, malia que non recibiras contestación**. Con todo o máis corrente é que o silencio administrativo sexa **negativo (que non contesten á túa solicitude)**, nese caso moita xente non sabe que, transcorrido o prazo legal, podes recorrer a referida negativa ante instancias superiores.

É por este motivo que é moi importante presentar **reclamación previa á vía xudicial ou recurso** cando isto suceda.

DATOS NECESARIOS PARA ENTENDER AS PRESTACIÓNS ???

Que son as NECESIDADES BÁSICAS?

A maioría das prestacións económicas das diferentes administracións teñen como obxectivo a cobertura das necesidades básicas. A **alimentación**, a **hixiene**, o **vestido** e os **gastos sanitarios** son consideradas necesidades básicas, pero isto varía en función da prestación que solicitemos. Por exemplo, a RISGA tamén considera necesidade básica a cobertura do aluguer da vivenda e as AIS chegan a cubrir gastos de mobiliario e reparacións do inmovible, o pago de débedas de aluguer ou o gasto sanitario non cuberto polo sistema público de saúde.

Que NON son necesidades básicas?

Non se considera necesidades básicas calquer outro tipo de gasto. Por exemplo: pago de cuotas de tarxetas de crédito, pago de débedas, pago de seguros ou de calquer outra cousa que non se considere necesidade básica.

IMPORTANTE

Garda todos os tickets de compra, poden pedir que xustifiques gastos

Para que serven os REXISTROS?

Cando tes que presentar ante algunha administración a documentación requerida para a concesión dunha prestación, podes presentala en calquer rexistro municipal, autonómico, provincial ou estatal. Por exemplo, podes pedir cita no rexistro da Subdelegación do Goberno para presentar un documento para o IMV ou presentar no rexistro da Consellería de Política Social un documento requerido para a tramitación da RISGA.

REXISTROS NA CORUÑA

Concello da Coruña:

- **María Pita:** Pza. María Pita 1 - 15001 A Coruña
- **Ágora:** R. Ágora, 17 - 15010 A Coruña

Deputación da Coruña: Pazo Provincial, Avenida do Porto, 2 - 15003 A Coruña

Consellería Política Social: Avda. Salvador de Madariaga, 9 1º (C.C.Elviña) - 15008 A Coruña


Subdelegación do Goberno na Coruña: Avenida da Marina, 23 - 15001 A Coruña

SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DA CORUÑA

Como pedir cita en Servizos Sociais?

Cita online

<https://citaprevia.coruna.gal/citaprevia/?idCliente=3>



Cita telefónica










981184200 → ext. 33036
→ ext. 33037

!

Pode pasar que non che collan o teléfono á primeira ou non atopes citas dispoñibles na web. Se iso pasa, insiste. É teu dereito que che atendan nos servizos sociais do teu concello. Se non o consigues, presenta unha reclamación en <https://www.coruna.gal/web/es/comunicate/sugerencias?argldioma=gl> ou no rexistro municipal de María Pita.

SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DA CORUÑA

Centros de Atención Social

-  Equipo de Atención Social **Elviña**
Centro Cívico Elviña. Praza Esteban Lareo Castro s/n. 15008 A Coruña
981 184 358
-  Equipo de Atención Social **Labañou**
Centro Cívico Labañou. Grupo Viviendas Nuestra Señora del Carmen s/n, Bj.
15011 A Coruña
981 184 360
-  Equipo de Atención Social **Monte Alto**
Centro Cívico Monte Alto. Rúa Vereda del Polvorín s/n. 15002 A Coruña
981 184 372
-  Equipo de Atención Social **Novoboandanza**
Centro Cívico Novoboandanza. Rúa Monasterio de Bergondo 13, 3º, 4º y 5.
15010 A Coruña
981 189 884
-  Equipo de Atención Social **Os Mallos**
Centro Cívico Os Mallos. Avda. de Arteixo 147. 15007 A Coruña
981 184 364
-  Equipo de atención social **San Diego**
Centro Cívico San Diego. Parque de San Diego s/n. 15006 A Coruña
981 184 368
-  Equipo municipal de inclusión social - **EMIS**
Rúa Vereda del polvorín s/n. 15002 A Coruña
981 184 373
-  **Espazo Diverso**
Centro Cívico Cidade Vella. Rúa Veeduría 2. 15001 A Coruña
981 189 8 89
-  Centro de Información ás Mulleres - **CIM**
Rúa Hortensias 11. 15008 A Coruña
981 184 356

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL - XUNTA DE GALICIA

Sede da Consellería de Política Social

Edifícios Administrativos - San Caetano, s/n 15781 Santiago de Compostela

Web: politicassocial.xunta.gal

Conselleira


Fabiola García Martínez

Edifícios Administrativos - San Caetano, s/n 15781 Santiago de Compostela


Tel.: 981 544 619 / 21 - Fax: 981 545 620


Correo-e: gabinete.politicassocial@xunta.gal

Xefaturas territoriais



















 Xefatura Territorial da **Coruña**
Avenida Salvador de Madariaga, 9 - 1º 15008 A Coruña
Tel.: 981 185 770 - Fax: 981 185 701 / 702

 Xefatura Territorial de **Lugo**
Ronda da Muralla, 70 - 27071 Lugo
Tel.: 982 294 362 - Fax: 982 294 359

 Xefatura Territorial de **Ourense**
Avenida da Habana, 79 - 32004 Ourense
Tel.: 988 386 223 - Fax: 988 386 838

 Xefatura Territorial de **Vigo**
Rúa Concepción Arenal, 8 - 36201 Vigo
Tel.: 886 218 502 / 886 218 505 - Fax: 986 817 634

INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL NA CORUÑA

Provincia	Nº	Teléfono/ Fax	Cita Previa 	Dirección 	Servicios de certificación	Observaciones
A Coruña	1	 Tlf: 981 221833  Tlf: 981 221945  Tlf: 981 222140  Fax: 981 229298	 Tlf: 901 106570  Tlf: 981 221833	Avda. Pedro Barrié de la Maza, 18 bajo. 15003. CORUÑA (A)	 cive  FNMT-RCM	ATENCIÓN CON CITA PREVIA OBLIGATORIA..
A Coruña	2	 Tlf: 981 153486  Tlf: 981 153500  Tlf: 981 153537  Fax: 981 153477	 Tlf: 901 106570  Tlf: 981 153486	c/ Félix Estrada Catoira, esq. c/ Fernando Rey. 15007. CORUÑA (A)	 cive  FNMT-RCM	ATENCIÓN CON CITA PREVIA OBLIGATORIA..

 Teléfono Ingreso Mínimo Vital: **900 20 22 22**



**Oficina
dos Dereitos**



DECEMBRO 2020